



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/14/2014	CONYI0C7
3U396J4R40051M3401TT	

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE 2 (PROPOSICIÓN TÉCNICA), DO PROCESO DE LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DA CONCESIÓN DEMANIAL DUN EDIFICIO MUNICIPAL PARA USO E DESTINO ESCOLA INFANTIL

Sendo as trece horas do día 21 de maio de 2014, reúnese a Mesa de Contratación formada do seguinte xeito:

Presidente:

D. José Manuel Blanco Suárez, Alcalde-Presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral.
D. Manuel Guillermo Antón Villamil, interventor accidental.
Dna. Yolanda Martínez García, xefa accidental do servizo Sociocomunitario.

Actúa como Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, xefe sección do servizo de Contratación.

Á hora indicada o presidente procede á apertura da sesión, e por parte da secretaria da Mesa dáse conta da reunión mantida para cualificar a documentación administrativa presentada pola única empresa licitadora, EULEN S.A., a cal axústase ao establecido no prego de condicións, polo que foi admitida, continuando o proceso licitatorio.

De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público, e a cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, procédese á apertura do sobre 2 da proposición técnica que contén os criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, dándose a coñecer o contido dos mesmos, e dando traslado dos mesmos aos servizos técnicos para o seu informe.

Non sendo outro o obxecto do acto, a Presidencia da por rematada a reunión, ás doce horas e trece minutos da data sinalada no encabezamento, da que eu como secretaria dou fe, estendéndose a presente acta que asino co visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO